

Vigo, a 17 de xaneiro de 2011.—O xefe o servizo de Participación e Atención Cidadá, Francisco J. Gutiérrez Orúe.—Vº e Prace, o concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, Santos Héctor Rodríguez Díaz.

2011003364

A N U N C I O

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no “Regulamento para a administración e réxime de reses monstrencas” do 24 de abril de 1905 (gaceta de Madrid nº 115, do 25.04.1905), por esa Alcaldía faise saber que se encontran recollidas no “Centro Ecuestre Sierra Galiñeiro” tres reses monstrencas de gando cabalar das seguintes características:

<i>Egua</i>	<i>Poldro enteiro</i>	<i>Poldro enteiro</i>
-Especie: Equina	-Especie: Equina	-Especie: Equina
-Sexo: Femia	-Sexo: Macho	-Sexo: Macho
-Raza: Cruzada	-Raza: Cruzada	-Raza: Cruzado con poni Galego
-Capa: Torda	-Capa: Castaña	-Capa: Alazan

Durante un prazo de quince (15) días estarán a disposición de quen acredite ser o seu lexítimo dono, que deberá satisfacer o importe dos gastos e eventuais danos causados.

Transcorrido este prazo sen que se presenten os propietarios dos animais procederase á súa venda en poxa pública, que terá lugar o 2º día hábil seguinte ao remeate do prazo indicado, ás 10:00 horas, na sala anexa á Comisión de Goberno da Casa do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n). Fíxase un prezo de partida de 50.- euros para cada un dos poldros e 200.-euros para a egua. O comprador terá que depositar o prezo de adjudicación ao remate da poxa. (Exppte 7703/306).

Vigo, 31 de marzo de 2011.—O alcalde, Abel Caballero Álvarez.

2011003504

* * *

B U E U

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA ESTATUTOS E CONSTITUCIÓN INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE BUEU

Téndose aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada con carácter extraordinario o 23 de marzo de 2011, pola unanimidade dos seus membros presentes, a proposta do Presidente da Comisión Informativa de Participación veciñal, Medio Ambiente, Deportes e Sanidade de aprobación definitiva dos Estatutos e Constitución do Instituto Municipal de Deportes e que a seguir se transcriben dun xeito literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 2º da Carta Europea do Deporte do Consello de Europa, do 24 de setembro de 1992, define o Deporte como “calquera forma de actividade física que, a través de participación organizada ou non, ten por obxecto a expresión ou mellora da condición física e psíquica, o desenrolo das relacións sociais ou a obtención de resultados en competición a tódolos niveis”.

A práctica deportiva constitúe, e así é unanimemente recoñecida, unha das actividades de maior transcendencia social, con maior capacidade de convocatoria, ademais de ter unha estreita e directa vinculación con valores que as Administracións Públicas veñen obrigadas a fomentar, as cales son a saúde física e mental, a solidariedade mediante a súa práctica en grupo ou en equipo, o desenrolo

cultural e persoal, a protección e respecto ao medio natural, favorece a inserción social e canaliza o crecente tempo de ocio nas sociedades modernas, entre outros.

A Constitución Española de 1978, dentro do Título I “Dos Dereitos e Deberes Fundamentais”, no seu Capítulo Terceiro de “Os Principios Rectores da Política Social e Económica”, reconece explicitamente a transcendencia do deporte, fundamentalmente no seu artigo 43.3, o dispoñer que “os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a adecuada utilización do ocio”. Posteriormente, no seu artigo 148.1.19, atribúe ás Comunidades Autónomas a competencia en “Promoción do deporte e da adecuada utilización do ocio”.

No ámbito estatal ditouse a Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte, cuxo obxecto é a ordenación do deporte, de acordo coas competencias que corresponden á Administración do Estado e, segundo o seu artigo 2º, coordinará coas Comunidades Autónomas e, no seu caso, coas Corporacións Locais aquelas que poidan afectar, directa e manifestamente ós intereses xerais do deporte no ámbito nacional. Define a práctica deportiva como libre e voluntaria e como factor fundamental da formación e desenrolo integral da personalidade.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, reconece ós Municipios no seu artigo 25.2.m) competencia en materia de “Actividades ou Instalacións culturais e deportivas: ocupación do tempo libre, turismo”; e o seu artigo 26.1.c) dispón que os Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deberán prestar os servizos de “Protección civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público”.

O Concello de Bueu facendo uso do principio de autonomía local, reconecido polo artigo 137 da Constitución e da potestade de autoorganización prevista no artigo 4.a) da Lei 7/1985 antes citada, en relación cos artigos 85 e ss. do propio texto legal, ó obxecto de dotarse en réxime de descentralización funcional dunha estrutura máis áxil, convén xestionar de forma directa o servizo público local da súa competencia en materia de Deporte, a través da forma de Organismo Autónomo Administrativo Local, baixo a denominación de “Instituto Municipal de Deportes de Bueu”, que regularase mediante os Estatutos que a continuación se conteñen.

ESTATUTOS ORGANISMO AUTÓNOMO

“INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE BUEU”

Título I. – Disposición Xerais

Título II. – Organización

Título III. – Funcionamento dos órganos

Título IV. – Bens e Persoal

Título V. – Facenda e Presupostos

Título VI. – Funcións Públicas Necesarias

Título VII. – Dos sistemas de intervención e tutela do concello.

Título VIII. – Disolución e liquidación

TÍTULO I.: DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. – Constitúese o Organismo Autónomo “INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES”, para a xestión directa das actividades e instalacións deportivas de competencia do Excmo. Concello de Bueu, de acordo co disposto no art. 85 da Lei 7/85, de 2 de Abril.

ARTIGO 2. – O Organismo Autónomo, Entidade de Dereito Público, con Personalidade Xurídica e Patrimonio Propio para a prestación dos Servizos que ten encomendados, dótase da organización especializada regulada nos presentes Estatutos.

ARTIGO 3.—O domicilio social do Organismo Autónomo radicará na Avenida do Instituto s/n, 36930 de Bueu, podendo ser modificado o mesmo por acordo da Xunta Reitora, que deberá ser publicado no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra e nun Diario de máxima tirada na comarca.

ARTIGO 4.—O ámbito territorial para o desenvolvemento das actividades e servizos do Instituto é o termo municipal. Nunha perspectiva que contempla calquera forma de colaboración e participación coas institucións de ámbito estatal, da comunidade autónoma, comarcais, provinciais e asociacións locais que conveñan nas mesmas finalidades deste Instituto, arbitrará as fórmulas que permitan a participación no desenrolo dos programas.

ARTIGO 5.—A misión do Instituto Municipal de Deportes é promover o dereito do Deporte en Bueu, partindo da consideración de que o Deporte é un dereito fundamental das persoas, xa sexa na súa vertente educativo-formativa, na súa faceta recreativa, no aspecto competitivo ou como espectáculo.

O Instituto Municipal de Deportes terá os seguintes cometidos:

- a) Organizar e promover as actividades deportivas de todo tipo a fin de que os cidadáns de Bueu poidan desenvolver a súa capacidade para o Deporte.
- b) Construír e promover a construción de instalacións deportivas procurando así mesmo, a conversión da Vila nun espazo deportivo, así como a administración, conservación e mantemento das instalacións deportivas propias e das cedidas, transferidas ou delegadas.
- c) Facilitar a tódolos/as cidadáns/as e a tódolos grupos sociais a práctica do deporte.
- d) Impulsar as Asociacións Deportivas como iniciativas sociais de interese.
- e) Promover e apoiar as actividades deportivas de competición e de espectáculo.
- f) Impulsar actividades para a ensinanza e práctica para a Educación Física e do Deporte en Idade Escolar.

Para o cumprimento destes obxectivos, o Instituto Municipal de Deportes coordinará tódolos esforzos e iniciativas, tanto públicas como privadas, que vaian dirixidas ó desenrolo do deporte.

TÍTULO II: ORGANIZACIÓN DEL INSTITUTO

ARTIGO 6.—O goberno e administración do Servizo encomendado corresponde ó Instituto Municipal de Deportes constituído nos presentes Estatutos, e estará integrado polo Presidente e os Vocais.

ARTIGO 7.—O Presidente nato do Organismo Autónomo é o Alcalde del Excmo. Concello de Bueu, quen poderá delegar a Presidencia no Concelleiro Delegado de Deportes.

ARTIGO 8.—O Pleno do Concello determinará en cada caso a composición dos vocais do Organismo Autónomo, sendo estes membros da Corporación Municipal. En calquera caso garantirase a participación de tódolos grupos políticos municipais.

A designación concreta dos vocais que representan a cada grupo político realizarase mediante escrito do portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, do que darase conta o Pleno. Poderase designar, de igual forma, un suplente por cada titular.

O mandato dos vocais coincidirá na súa finalización co dos membros da Corporación Municipal, se non houberse sido revocado con anterioridade o seu nomeamento mediante o mesmo procedemento seguido para a súa designación completa.

Finalizado o seu mandato continuarán exercendo as súas funcións de acordo co previsto no art. 194 da Lei Orgánica 5/85, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral.

ARTIGO 9.—Son órganos necesarios do Organismo Autónomo:

- a) O Presidente
- b) O Vicepresidente
- c) A Xunta Reitora

ARTIGO 10.—É órgano complementario do Organismo Autónomo:

O Consello Asesor (Consello Municipal de Deportes)

ARTIGO 11.—O presidente designará ós vocais que haberán de substituílo nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite o desempeño das súas funcións. Os vocais asumirán estas funcións, cando proceda, atendendo ó orden da súa designación.

ARTIGO 12.—O Presidente ostenta as seguintes atribucións:

- a) Representar ó Organismo Autónomo e presidir os actos públicos no que él mesmo participe.
- b) Dirixir o goberno e administración dos servizos encomendados ó Organismo Autónomo.
- c) Nomear e cesar ós vocais que o teñen que substituír nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento para o desempeño das súas funcións.
- d) Convocar e presidir as sesións da Xunta Reitora, da Comisión Asesora e de calquera outro Órgano colexiado, así como decidir os empates con votos de calidade.
- e) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- f) Dispoñer gastos, dentro dos límites da súa competencia, ordenar pagos e render contas.
- g) Desempeñar a Xefatura Superior de todo o persoal do Organismo Autónomo.
- h) Nomeamento dos funcionarios e contratación do persoal laboral de acordo coas Bases aprobadas pola Xunta Reitora.
- i) Exercitar accións xudiciais e administrativas.
- j) Contratar tódalas obras, servizos e subministración, con arranxo ó procedemento legalmente establecido e ás disposicións que a tal efecto estableza a Xunta Reitora.
- k) Adoptar medidas de carácter urxente, cando pola súa gravidade as circunstancias impidan esperar á celebración dunha sesión da Xunta Reitora, dando conta a mesma na seguinte sesión.
- l) Calquera outra atribución asignada o Organismo Autónomo para o cumprimento do seus fins e non imputadas expresamente a outro órgano.
- m) Sancionar as faltas por desobediencia a súa autoridade ou por infracción das Ordenanzas Municipais e dos Regulamentos de servizos e instalacións deportivas.
- n) Publicar e facer cumprir as súas propias resolucións e os acordos adoptados pola Xunta Reitora.
- o) Delegar o exercicio de atribucións na Xunta Reitora das atribucións delegables que se sinalan no art. 21, apartado 3, da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, sen prexuízo das delegacións especiais que poida conferir para un asunto ou servizo determinado.
- p) Conceder licenza para a realización de actividades deportivas, con independencia das que correspondan á Administración Autonómica ou Estatal.

ARTIGO 13.—

Primeiro.—A composición da Xunta Reitora, seguindo as normas de organización da Excma. Corporación, ó igual que as Comisións Informativas, estará constituída polo Presidente, o Vicepresidente e sete vocais - concelleiros, correspondendo á mesma:

- a) O control e fiscalización dos órganos de goberno
- b) A determinación das materias, número de membros, composición e funcionamento dos Consellos Asesores.
- c) A aprobación de Regulamentos e Ordenanzas.
- d) A aprobación dos presupostos e das súas modificacións nos casos nas que as bases de execución dos mesmos o prevean.
- e) A aprobación de plans e programas de actuación.
- f) A disposición de gastos nos asuntos da súa competencia e a aprobación das contas.

- g) A aprobación, nas bases de execución, de cantas determinacións sexan precisas en orden á concreción no seno do Organismo Autónomo das funcións contable, de tesourería, interventora, e en canto non está xa previsto nos presentes Estatutos.
- h) A aprobación da plantilla de persoal, a relación de postos de traballo, as bases das probas para selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.
- i) Propoñer ó Pleno do Excmo. Concello de Bueu a alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público integrados no patrimonio do Organismo Autónomo.
- j) A enaxenación de bens -móbles e maquinaria declarados inservibles para o servizo. A proposta de enaxenación, permutas ou gravámenes de bens- inmóbles incluídos no patrimonio do Organismo Autónomo.
- k) A determinación do réxime de participación dos membros dos Consellos Asesores.

Segundo.—Será Presidente nato o Ilmo. Sr. Alcalde Presidente do Concello de Bueu, o cal poderá nomear un Vicepresidente que recaerá no Concelleiro Delegado de Deportes.

Son funcións do Vicepresidente.

A asistencia o Presidente no exercicio das súas funcións.

Substituír ó Presidente nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento, asumindo integramente as funcións.

Exercer as funcións que o Presidente lle delegue.

ARTIGO 14.—O Técnico de Deportes configúrase como posto de traballo necesario a incluír no catálogo do Organismo Autónomo. A súa relación laboral ou funcionarial, selección e nomeamento, rexerá polas normas xerais de aplicación ó persoal recollida nos presentes Estatutos. O Técnico de Deportes, baixo a directa supervisión do Presidente do Organismo Autónomo ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Executar os acordos da Xunta Reitora e resolucións do Presidente, con suxeición no seu caso, ás disposicións ditadas por este.
- b) Coordinar as diferentes funcións exercidas polo Organismo Autónomo para o cumprimento dos seus fins.
- c) Coidar do correcto funcionamento dos servizos encomendados ó Organismo Autónomo, adoptando e propoñendo cantas medidas sexan precisas para elo.
- d) Exercer a Xefatura directa do Persoal do Organismo Autónomo.
- e) Asesorar ó Presidente na elaboración de plans, programas, presupostos e deseños de servizos.
- f) Calquera outras funcións que se lle atribúen no catálogo de postos de traballo.

ARTIGO 15.—O Consello Asesor (Consello Municipal de Deportes) configúrase como órgano complementario do Organismo Autónomo. A súa constitución, número, composición e funcionamento será acordado pola Xunta Reitora.

No seno do Organismo Autónomo poderán constituírse varios Consellos Asesores, en función da materia concreta que vaia a someterse a súa consideración e que será fixada pola Xunta Reitora.

O Consello Asesor ten dúas funcións esenciais:

- a) Órgano consultivo nos asuntos específicos que deban de someterse a súa consideración.
- b) Órgano de participación dos usuarios dos servizos que presta o Organismo Autónomo.

Os Consellos Asesores poderán constituírse para o exercicio das dúas funcións anteriormente sinaladas ou para o exercicio dunha delas. A Xunta Reitora determinará este extremo no acordo da súa creación.

ARTIGO 16.—Os conflitos de atribucións que xurdan no seno do O. A. e entre este e outros órganos ou entes dependentes do Concello, resolveranse de acordo co disposto no art. 50.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril.

TÍTULO III.—FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS

ARTIGO 17.—Réxime de sesións do Consello Reitor. O Consello Reitor do Instituto Municipal do Deporte reunirse con carácter ordinario a lo menos unha vez cada seis meses e, con carácter extraordinario, cando o convoque o seu Presidente ou o solicite a cuarta parte, a lo menos, do número legal de membros do Instituto. Neste último caso, a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días dende a data que fora solicitada.

ARTIGO 18.—Adopción de acordos do Consello Reitor. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos dos membros asistentes. Esixirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- 1.—Aprobación dos Presupostos do Instituto.
- 2.—Rendición de Contas e Inventario.
- 3.—Enaxenación de bens cando a súa contía exceda do 10% do presuposto de ingresos.
- 4.—Concesións ou arrendamentos de bens e servizos por máis de cinco anos, e sempre que a súa contía exceda do 10% do Presuposto.

Para poder celebrar validamente sesión, en primeira convocatoria, será precisa a asistencia da maioría absoluta do número legal de membros e, en segunda convocatoria, de calquera número sempre que, ademais do Presidente e do Secretario asista, a lo menos, un terzo do número estatuario dos seus membros. As sesións convocaranse, a lo menos, con dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Consello. A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, deberán figurar a disposición dos membros, dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría do Instituto.

ARTIGO 19.—Os debates e as actas das sesións da Xunta Reitora atenderanse ás prescricións sinaladas para o Pleno do Concello nas Seccións III e V do Capítulo I do Título III do R.D. 2568/86, de 28 de Novembro, coas adaptacións precisas derivadas da especial natureza do Organismo Autónomo.

ARTIGO 20.—Corresponde o Presidente a interpretación e aplicación das disposicións de Réxime Local a que se aluden os artigos 15,16 y 17, sobre funcionamento da Xunta Reitora. Calquera discrepancia que puidera xurdir sobre o particular, deberá ser sometida a consideración do Pleno do Concello o cal resolverá definitivamente.

ARTIGO 21.—O Réxime de funcionamento do Consello Asesor será o que determine a Xunta Reitora no momento que se acorde a súa constitución. Poderán determinarse diferentes réximes de funcionamento para os diversos Consellos Asesores en aplicación do disposto no art. 13.

TÍTULO IV.—BENS E PERSOAL

ARTIGO 22.—O Patrimonio do Organismo Autónomo estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lle pertencen, ben por haberlles transferido polo Concello ó estar afectos o servizo prestado polo O. A., ben por haber sido adquiridos directamente no desenrolo das funcións que ten atribuídas.

O patrimonio do O. A. lle serán de aplicación as disposicións do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/86, de 13 de xuño, coas especialidades sinaladas nos presentes Estatutos.

ARTIGO 23.—Plantilla de Persoal do Instituto. O Instituto disporá do persoal necesario, cuxo número, categoría e funcións determinarase nas plantillas aprobadas polo Consello Reitor do Instituto. Os soldos e demais retribucións reflectiranse no presuposto do Instituto.

O Instituto contará co seguinte persoal:

- a) Funcionarios e Persoal Laboral del Excmo. Concello.

ARTIGO 24.—Funcionarios e Persoal Laboral del Excmo. Concello de Bueu. O Concello de Bueu poderá adscribir persoal funcionario o Instituto a proposta do Consello Reitor deste. Este persoal permanecerá na situación administrativa de servizo activo no Concello e se lle aplicará o Acordo Regulador de Condicións de Traballo de Persoal Funcionario, sen prexuízo de que funcionalmente dependa do Instituto durante o tempo en que permaneza adscrito a dito posto. O Concello de Bueu poderá adscribir persoal laboral fixo ó Instituto a proposta do Consello Reitor deste. Este persoal permanecerá en situación administrativa de servizo activo no Concello e se lle aplicará o Convenio Colectivo de Persoal Laboral do Concello de Bueu, sen prexuízo de que funcionalmente dependa do Instituto durante o tempo que permaneza adscrito a dito posto.

TÍTULO V.—FACENDA E PRESUPOSTO

ARTIGO 25.—Recursos económicos. O Instituto terá como recursos para o cumprimento dos seus fins os seguintes:

- 1.—As apartacións que para este fin figure no Presuposto Municipal.
- 2.—Os produtos do seu patrimonio.
- 3.—As subvencións que poida obter das Institucións Públicas.
- 4.—As aportacións de calquera clase e tipo procedentes de entidades públicas ou privadas, así como toda clase de axuda de persoas xurídicas ou físicas.
- 5.—As doazóns ou legados que se outorguen o seu favor.
- 6.—Os procedentes de préstamos ou anticipos de organizacións ou entidades de crédito oficial ou particular.
- 7.—As cotas, taxas ou prezos que proporcionen os servizos e instalacións do Instituto.
- 8.—Calquera outros que poida obter o Instituto polas súas actividades ou servizos.

O Instituto Municipal do Deporte formará anualmente o correspondente Presuposto Xeneral ordinario de ingresos e gastos, que terá que ser aprobado polo Pleno da Corporación Municipal. A contabilidade do Instituto levarase pola Intervención de Fondos Municipais, con independencia da xeral da Corporación Municipal. A xestión e o desenvolvemento do Presuposto ordinario reflectirase nos libros e contas regulamentarias de contabilidade. A función de tesourería será exercida pola Tesourería Municipal.

ARTIGO 26.—Natureza dos gastos. Os gastos serán motivados pola actividade e fins do Instituto Municipal do Deporte, calquera que sexa a súa natureza, sempre que se refiran ós empregados en actividades enumeradas nos artigos 5º e seguintes destes Estatutos.

ARTIGO 27.—Fondo de reserva. O Fondo de Reserva do Instituto regularase de conformidade co disposto no artigo 88 e concordantes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

TÍTULO VI.—FUNCIONES PÚBLICAS NECESARIAS

ARTIGO 28.—A función de fe pública e asesoramento legal preceptivo, co alcance e contido sinalado no R.D. 1174/87, de 18 de setembro, queda atribuída á Secretaría Xeral do Excmo. Concello de Bueu, que puidera verificar as delegacións precisas para o seu eficaz desempeño.

ARTIGO 29.—A función de Control e Fiscalización Interna da xestión económico-financieira e presupostaria; así como as funcións de Contabilidade, co alcance e contido sinalado no R.D. 1174/87, de 18 de setembro, quedan atribuídas á Intervención Xeral do Excmo. Concello de Bueu, que poderá verificar as delegacións precisas para o seu eficaz desempeño.

ARTIGO 30.—As funcións de Tesourería, co alcance e contido sinalado no R.D. 1174/87, de 18 de setembro, quedan atribuídas á Tesourería de Fondos do Excmo. Concello de Bueu, que poderá verificar as delegacións precisas para o seu eficaz desempeño.

TÍTULO VII.—DOS SISTEMAS DE INTERVENCIÓN E TUTELA DO CONCELLO DE BUEU

ARTIGO 31.—Remítanse ó Concello de Bueu no prazo de quince días dende a súa adopción, extracto de tódolos acordos da Xunta Reitora e Resolucións da Presidencia distadas no exercicio das atribucións sinaladas nos apartados c),g),h),i),j),k), do Art. 12.

ARTIGO 32.—Adoptarán a forma de ditames os acordos da Xunta Reitora relativos a:

- a) Aprobación de Regulamentos e Ordenanzas en materia económica.
- b) Aprobación dos Presupostos.
- c) Aprobación das Contas.
- d) Aprobación da plantilla de persoal e catálogo de postos de traballo.
- e) A enaxenación do patrimonio cando o seu valor exceda do 25% dos recursos ordinarios do presuposto anual do O.A.

Remitido o ditame ó Concello, será sometido á aprobación do Pleno, previo cumprimento dos trámites legais de aplicación dependendo da materia de que se trate.

No prazo de 15 días dende a aprobación ou desestimación definitiva dos ditames, polo Pleno do Concello, será remitida o O.A. certificación acreditativa deste extremo. O Pleno Do Concello poderá corrixir, emendar e modificar o contido dos ditames que lle foran remitidos polo O.A.

ARTIGO 33.—O réxime de recursos contra os actos e acordos do O.A., será o sinalado polas Corporacións Locais na Sección II, do Capítulo III, do Título VI, do R.D. 2568/86, de 28 de Novembro, coas seguintes especialidades:

- a) As referencias que as citadas disposicións, efectúanse ó alcalde, deben entenderse fitas ó Presidente. E as efectuadas o Pleno deben entenderse á Xunta Reitora.
- b) Non serán recorribles os acordos da Xunta Reitora, adoptados en forma de ditame, ó non poñer fin á vía administrativa,
- c) Serán recorribles enalzada, ante o Pleno do Concello, os actos administrativos que habendo posto fin á vía administrativa e ditados polos Órganos propios do Instituto Municipal se refiran a:
 - 1.—A disposición de gastos de contía superior ó 10% dos recursos ordinarios do presuposto do O.A.
 - 2.—O exercicio de accións xudiciais e administrativas.
 - 3.—Selección, contratación e réxime disciplinario do persoal ó servizo do O.A.
 - 4.—A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público integrados no patrimonio do O.A.

TÍTULO VIII.—DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

ARTIGO 34.—Causas de disolución. O Instituto pode ser disolto nos seguintes casos:

- a) Por disposición de Lei.
- b) Por imposibilidade manifesta de realizar os fins que constitúen o seu obxecto. .
- c) Por insuficiencia dos medios económicos necesarios para a súa subsistencia e funcionamento, sempre que non sexa puramente transitoria ou conxuntural.

ARTIGO 35.—Liquidación. Ó disolverse o Instituto, os bens adscritos ó mesmo pasarán á plena dispoñibilidade do Excmo. Concello de Bueu, que sucederá o Instituto Municipal do Deporte a título Universal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Dereito supletorio. En todo o non previsto nos presentes Estatutos estarase o disposto na Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de Decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; a Lei 6/1997, de 14 de Abril, de Organización e

Funcionamento da Administración Xeneral do Estado; e do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez aprobados definitivamente polo Excmo. Concello Pleno, os presentes Estatutos do Instituto Municipal do Deporte, entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En Bueu, a 23 de Marzo de 2011.—O Alcalde, Félix Juncal Novas.

2011003071

* * *

A ILLA DE AROUSA**A N U N C I O**

Advertido erro no anuncio de licitación publicado no BOP nº 63 de 31 de marzo de 2011 e relativo á contratación do subministro de máquina barreadora autopropulsada mediante leasing, publícase este para proceder á súa corrección do seguinte xeito:

No punto 4 relativo ó orzamento de licitación debe por o seguinte:

- a) Importe neto: 101.694,92 euros. IVA 18%. Importe total: 120.000,00 euros, distribuídos en 120 cuotas mensuais e unha cuota final correspondente á opción de compra. A esta cantidade se lle incrementará o tipo de interés fixo máximo do 6,50%.
- b) Comisión de apertura: 0,25%.

Na Illa de Arousa, a 1 de abril de 2011.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez.

2011003505

* * *

AS NEVES**E D I C T O**

Quedando aprobado definitivamente polo Pleno deste Concello das Neves o expediente de Modificación de Créditos núm. 1 de “suplementos de créditos – recoñecemento extraxudicial de créditos”, por acordo adoptado en sesión plenaria do día 22 de febreiro de 2011, que ascende a cantidade de 49.534,38 euros, dacordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de indicado expediente, o resumo por capítulos do Orzamento de Gastos, queda da seguinte forma:

Cap.1 Gastos de persoal.....	802.913,07 euros
Cap.2 Compra bens correntes e servizos.....	929.280,49 euros
Cap.3 Gastos financeiros.....	2.800,00 euros
Cap.4 Transferencias correntes.....	45.700,00 euros
Cap.6 Inversións reais.....	578.898,87 euros
Cap. 7 Transferencias de capital.....	0,00 euros
Cap. 8 Activos financeiros.....	90,00 euros
Cap. 9 Pasivos financeiros.....	48.641,54 euros
SUMA TOTAL.....	2.408.323,97 euros